

# **“OS SANTUARIOS DO MUNICIPIO DA PONTENOVA (LUGO)”**

**JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO**

## **I.—SITUACIÓN E POBOACIÓN DO MUNICIPIO**

A Pontenova é un municipio da provincia de Lugo, que pertence á diócese de Mondoñedo-Ferrol. Ten unha extensión de 133 kilómetros cadrados e a súa poboación de 4.127 habitantes está distribuída en once parroquias: A Pontenova, Bogo, Conforto, Sto. Estebo, Rececende, Vilaboa, Vilameá, Vilaoudrid, Vilaouriz, Vilarmide, e Xudán (1).

## **II.—OS SANTUARIOS DO MUNICIPIO**

Unha das manifestacións básicas da relixiosidade popular atópase nos santuarios. Estes son lugares de culto, simbolizados por unha ermida, capela ou igrexa parroquial, ós que acuden devotos pertencentes a distintas comunidades coa finalidade de suplicar da imaxe sagrada a súa intercesión ante determinadas peticións. Un santuario distínguese —segundo manifesta William Cristhian— “por la devoción de la gente y no por una característica histórica o artística inherente al edificio o institución” (2). Os santuarios adquiriron unha devoción popular ó mostrarse as súas imaxes propiciatorias diante de moitas peticións. “El santuario es un centro de la potencia divina, un mundo en sí, por ello ni se elige ni se hace, se encuentra y se acepta como tal, porque se fundamenta en el misterio” (3). “los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual y a los que se acude de forma individual o colectiva” (4).


---

(1) Palabra. “A PONTENOVA”. G. Enciclopedia Gallega. T. 25. Pág. 116.

(2) CRISTHIAN, William A. Jr. “De los Santos a María. Panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la E. Media hasta nuestros días”. En “Temas de Antropología española”. Ed. de Carmelo Lisón Tolosana. Edt. Akal. 1976. Pág. 86.

(3) GONZALEZ COUGIL, Ramiro. GALICIA. “La religiosidad gallega adecuada a una litúrgica inculturada”. Vol. I. Diputación Provincial de Ourense. 1985. Pág. 53.

(4) PRAT I CAROS, JOAN. “Los Santuarios Marianos en Cataluña: Una aproximación desde la etnografía”. Artículo de la Religiosidad Popular. iii. Hermandades, Romerías y Santuarios. Edt. Anthropos, 1989. Barcelona. Pág. 227.



Neste municipio podemos distinguir de maior a menor grao tres santuarios:

- 1.—O da Nosa Señora de Conforto.
- 2.—O de S. Pedro Fiz.
- 3.—O da Virxe do Carme de Coba.

## 1.—UBICACIÓN DOS SANTUARIOS


### *1.1.—O SANTUARIO DA NOSA SEÑORA*

O Santuario da Nosa Señora localízase na parroquia de Sta. María de Conforto. “Tiene 649 habitantes en las entidades de población de Boulloso, Candaedos, Coirío, Conforto, Dodrín, Erbelle, A Ermida, Figueirúa, Labrada, Meusende, Pacios, Saldoiriña, San Mamede, Souto de Mogos, Valindarcas, Veiga da Prada, y Vilar” (5).

O santuario accédese desde Lugo pola estrada 640, que nos leva á Pontenova, onde hai que coller unha estrada comarcal que comunica esta poboación con outras do Noroeste asturiano. Segundo esta estrada o santuario atópase a uns 5 kilómetros da capital do municipio.




Portada principal de trazado renacentista.  
Santuario de Conforto




A imaxe da Nosa Señora de Conforto sae en procesión arredor do Santuario levada en andas por catro homes da comunidade parroquial


(5) Palabra. "CONFORTO, Sta. María de G. Enciclopedia Gallega. T. 7. Pág. 59.




Estandarte da Nosa Señora de Conforto



*Na fonte do Santuario da Nosa Señora de Conforto unha devota lávase aquelas partes do corpo doentes*




A ámbolos lados da fonte do Santuario de Conforto hai moitos panos colgados dunhas árbores, que os devotos empregaron para lavar aquelas partes do corpo doentes




Os devotos seguen levando para as súas casas  
pólas dos teixos que se encontran no adro do san-  
tuario, como símbolo protector da facenda fami-  
iliar. Santuario de Conforto

Moitos devotos ó chegaren ó Santuario dan unha  
ou máis voltas arredor do mesmo, levando nas  
súas mans unha imaxe pequena da Virxe. Santua-  
rio de Conforto



Na bóveda do Santuario hai un barco colgado dunha lámpada, que —segundo a tradición— foi unha ofrenda  
dun emigrante que se salvou de morrer nun naufraxio




O ritual de Poñer o Santo no Santuario da Nosa Señora de Conforto

#### 1.2.—*O SANTUARIO DE S. PEDRO FIZ*

O Santuario de S. Pedro Fiz localízase na parroquia de S. Salvador de Vilarmide. “Tiene 174 habitantes en las entidades de Navalvo, Vilarmide y Vilarmiron” (6).

Ó santuario accédese por unha estrada local que comunica a capital municipal con Vilarmide, distante uns 12 kilómetros da devandita capital.



Figuras de cera que simbolizan diversas partes do corpo humano. Santuario de S. Pedro Fiz

---

(6) Palabra. "VILARMIDE, S. Salvador de G. Enciclopedia Gallega. T. 30. Pág. 111.

### ***1.3.—O SANTUARIO DA VIRXE DO CARME DA COVA***

O Santuario da Virxe do Carme está situado na parroquia de S. Martiño de Vilaouriz. “Tiene 112 habitantes en la entidad de Vilaoruz” (7).

Ó santuario accédese por unha estrada local que comunica a capital municipal con Vilaoruz, e logo co santuario distante uns 7 kilómetros.

## **2.—DESCRICIÓN ARTÍSTICA DOS SANTUARIOS**

### ***2.1.—O SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DE CONFORTO***

A súa construción iniciouse —segundo Rielo Carballo— “en 1662, con planos del arquitecto D. Diego Ibáñez Pacheco. La tribuna es del año 1713. La torre, de tres cuerpos, se terminó en 1744. El santuario está dividido en tres tramos por arcos de medio punto con bóvedas de lunetas. La portada principal es de trazado renacentista. En la capilla mayor hay una inscripción que dice: “Gregorio Pérez de Pacios y Salmeán dió a esta Sta. Iglesia seis mil pesos de plata para su reedificación”. Los retablos tienen interesantes imágenes de los siglos XVI, XVII y XVIII. El retablo mayor lo pintó en 1681 Domingo Rodríguez Villameá. Los relieves laterales del mismo son originales del escultor Juan López Baamonde, quien esculpió además los retablos de S. José y S. Fernando. El retablo del Rosario fue contruído en 1764 por el cura Fernando Méndez Miranda. El retablo del Sto. Cristo, fu hecho en 1812 por los maestros José Sal y Juan de Meira. En la sacristía existe una lámpara de plata, algunos cálices, incensarios, cofres y otros objetos de culto con inscripciones de sus donantes, de los siglos XVII y XVIII...” (8).

### ***2.2.—O SANTUARIO DE S. PEDRO FIZ***

O santuario ten —segundo Rielo Carballo— “una nave rectangular con pórtico a la entrada. Capilla mayor con gran arco triunfal. Sacristía a la cabecera y campanil sobre el arco triunfal. En su interior hay un retablo neoclásico del siglo XIX con esculturas de S. Pedro ad Víncula del siglo XVIII; Sta. María con el niño, y S. Pedro con llave en la mano derecha, siglo XVII. Esculturilla de S. Pedro Apóstol, de imponer, siglo XVIII...” (9).

### ***2.3.—O SANTUARIO DA VIRXE DO CARME DA COVA***

Consta —segundo Rielo Carballo— “de nave rectangular, capilla mayor cuadrada y pórtico cerrado delante del frontis. El edificio parece obra de la segunda

(7) Palabra. “VILAORUZ, S. Martiño de G. Enciclopedia Gallega. T. 30. Pág. 89.

(8) Palabra. “CONFORTO, Sta. María de G. Enciclopedia Gallega. N.R.C.T. 7. Pág. 59.

(9) RIELO CARBALLO, Nicánor. Capilla de S. Pedro Fiz. Inventario Artístico de Lugo y su provincia. Centro Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. Madrid. 1983. T. VI. Pág. 378.

mitad del S. XVII, por lo menos en la cabecera. En su interior hay un retablo mayor salomónico de tres hornacinas en cada uno de los pisos, que albergan una serie de tallas del S. XVIII. Imagen titular de Ntra. Sra. del Carmen, de medio cuerpo, Sto. Cristo. S. Antonio de Padua..." (10).

### 3.—PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DOS DEVOTOS

O día 8 de setembro, data da festividade da Nosa Señora de Conforto, veñen devotos non só do municipio da Pontenova, senón tamén doutros municipios da provincia de Lugo, como Trabada, Mondoñedo, Pastoriza, Ribadeo, Meira, Fonsagrada, Lugo... e de lugares pertencentes ó occidente asturiano, como Vegadeo, Taramundi, Os Oscos. "Ven xente de Meira, de Vegadeo, de Ribadeo, Pastoriza, Lugo..." (11). "El ocho de septiembre, en que se celebra su fiesta, acuden al santuario numerosos devotos de tierras asturianas, fonsagradiñas, mindonienses, meiregas, y ribadenses" (12). Por tanto este santuario a nivel de irradiación de influencia traspasa os límites parroquias, municipais, e provinciais.

O S. Pedro Fiz, celébrase o primer domingo de Agosto. Veñen devotos de Riotorto, Meira, Pastoriza, Ribeiras de Piquín... A influencia deste santuario traspasa os límites parroquiais, municipais e comarcais.

A Virxe do Carme da Cova, celébrase o último domingo de Agosto. Achéganse devotos de S. Tirso de Abres, de Trabada e da Pontenova especialmente. Polo tanto a influencia deste santuario vai máis alá do municipio no que está situado.

### 4.—PETICIÓNES POR PARTE DOS DEVOTOS

Os devotos en xeral ofréncense por si mesmos, ou para conseguir algunha intercesión para outras persoas que non poden vir ó santuario normalmente por algunha enfermidade.

Entre as peticiónes más específicas que se levan a cabo nestes santuarios distingo as seguintes: enfermidades humanas; enfermidades de animais; protección da facenda familiar; boas colleitas; problemas de índole familiar e relacionados co paro; encomendación polos recién nacidos e polos que van nacer... "Os romeiros ofréncense por cantidade de cousas que van desde unha enfermedad para curar; problemas familiares; por haber salido ben librado dun accidente; por boas cosechas; por enfermidades de animais" (13). "Vaise por enfermedad humán; polo gando; para pedir saúde e sorte" (14).

(10) RIELO CARBALLO, Nicanor. Capilla de la Virgen del Carmen de Coba. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid. 1983. T. VI. Pág. 325.

(11) Informante de Conforto.

(12) ONEGA LÓPEZ, José Ramón. "A Pontenova". *Suplemento de la Rev. Lucus*. N.º 40. Excmo. Diputación Provincial de Lugo. 1991. Pág. 25.

(13) Informante da Pontenova.

(14) Informante de Vilaouruz.

No S. Pedro Fiz os devotos que veñen ofrecidos por enfermidades humanas e de animais soen levar figuras de cera que simbolizan o corpo humano, total ou parcialmente, así como a aqueles animais, xeralmente vacas e cochos, obxecto da petición.

## 5.—RITUAIOS DE DEVOCIÓN

As peticóns sinaladas no apartado anterior van ligadas ó cumprimento dunha serie de rituais, que segundo o grao de participación dos devotos teñen un carácter colectivo ou individual. Entre os rituais colectivos distingo: a celebración de misas e a Procesión xeral.

### 1.º—A CELEBRACIÓN DE MISAS

En tódolos santuarios celébranse pola mañá varias misas. Nesta tarefa os cregos encargados dos santuarios son axudados por algúns cregos de parroquias limítrofes que participan xeralmente na misa solemne que se celebra á unha ou unha e media. “Empezan as oito da mañá, hasta as once; ás doce non é segura, depende da xente que haxa; logo ven a misa solemne da unha o unha e media” (15).

### 2.º—A PROCESIÓN XERAL

Ó rematar a misa cantada celébrase a procesión xeral, que dá unha volta arredor dos santuarios sinalados. A procesión ten como finalidade sacar ó exterior unha serie de imaxes sagradas, que santifican todo o entorno xeográfico. “Dando unha vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico” (16).

En canto a estructura que reviste a procesión hai que ter en conta que mentres nos santuarios de Conforto e S. Pedro Fiz saen as imaxes obxecto da festividáde, precedidas doutras imaxes, así como das cruces e pendóns parroquiais, no santuario da Virxe do Carme, sae únicamente a cruz e pendón parroquial e a imaxe da Virxe, levada por catro homes da parroquia, mentres que unhas cintas que colgan da imaxe son levadas por catro mozas do lugar. Despois das imaxes respectivas van colocados os sacerdotes concelebrantes, e os devotos en xeral, dispostos sen disntinción de idade. “A procesión faise ó redor do santuario. a maioría da xente vai detrás da Virxe de pé. Algúns ofrecidos vand e rodillas seguindo a procesión. Na procesión sale únicamente a figura da Virxe, levada por catro homes, e catro mozas van coas cintas” ( 17).

(15) Informante de Conforto.

(16) MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. “Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos”. Ed. Xerais de Galicia. Vigo. 1987. Pág. 175.

(17) Informante da Pontenova.

Polo que se refire ós rituais de carácter individual distingo os seguintes:

### **1.º—RITUAL DE VIR ANDANDO DESDE O SEU LUGAR DE ORIXE**

Hai anos moitos devotos viñan andando desde o seu lugar de orixe. Este ritual tiña como finalidade levar a cabo un sacrificio á imaxe á que estaban ofrecidos. Na actualidade siguen existindo pervivencias deste ritual, a nivel parroquial e interparroquial, nos tres santuarios. “Algús romeiros ofréncense a ir andando desde a Pontenova hasta a capela da Coba para oír a misa” (18). De tódalas maneiras a maior parte dos romeiros fan a viaxe en coches particulares ou de liña.

### **2.º—RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN**

Moitos devotos ó chegares ó Santuario dan unha ou máis voltas arredor do mesmo, de pé e nalgúns casos de xeonllos. Levan nas súas mans unha imaxe pequena da Virxe ou pólás de teixo —Santuario de Conforto—; tamén levan figuras de cera, que representan a animais como vacas, cochos, así como o corpo humano, parcial ou totalmente, —Santuario de S. Pedro Fiz—. “Tamén moita xente anda ó redor da capilla de rodillas ou de pé cunha vaca de cera, cun cocho, cunha perna...” (19). “Os devotos dan unha volta arredor da iglesia, acostumbrando a levar un ramo dos teixos que hai fora” (20).

### **3.º—RITUAL DE CONTACTO**

O desexo de todo devoto é tomar contacto coas imaxes, e demais obxectos sagrados dos santuarios, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza. Entre as prácticas más habituais de tomar contacto co sagrado, sinalo as seguintes:

#### **3.1.—RITUAL DE POÑER O SANTO**

Nos tres santuarios unha persoa da comunidade parroquial, xeralmente un sacristán, cunha imaxe pequena do Santo ou da Virxe, fai unha cruz enriba da testa do devoto, o cal bica dita imaxe e deixa unha esmola, mentres o poñente recita unha xaculatoria.

No S. Pedro Fiz emprégase a seguinte xaculatoria:

“Cristo viva, Cristo reine, Cristo te libre de todo mal”.

Na Virxe da Coba:

“Cristo viva, Cristo reine, Cristo te libre de todo mal. Polo poder que Dios ten e da Virxe María. Amén”.

(18) Informante de Vilaouruz.

(19) Informante de Ferreiravella (Riotorto).

(20) Informante de Conforto.

No Santuario de Conforto:  
“Cristo salve, Cristo reine. La Virgen te libre de todo mal”.

### **3.2.—RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA IMAXE ESTÁTICA**

Algúns devotos pasan panos e outros obxectos pola imaxe do Santo ou Virxe. Estes no seu contacto coa imaxe quedan sacralizados, usándose con fins preventivas e curativas.

### **3.3.—RITUAL DA FONTE**

Nos Santuarios de Conforto e S. Pedro Fiz, hai unha fonte situada preto dos recintos sagrados. A fonte de Conforto data de 1772 e foi feita polo crego D. Fernando Miranda; ten na súa parte superior unha imaxe pétrea da Nosa Señora. Polo contrario da fonte de S. Pedro Fiz non hai referencias en canto á súa data así como quen a fixo, ainda que se sabe que é moi antiga.

O ritual que se emprega nos dous santuarios é moi similar e consta de dúas partes:

A.—Os devotos que acoden as fontes lavan cuns panos aquelas partes do corpo doentes. A auga ten unha función ambivalente, xa que implica morte (enfermidade) e rexeneración (saúde). “El agua mata por excelencia porque disuelve, suprime toda forma, borra el pasado, pero también regenera, porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento” (21). “El agua, símbolo cosmogónico, receptáculo de todos los gérmenes, se convierte en la sustancia mágica y medicinal por excelencia; cura, rejuvenece” (22).

B.—Os panos déixanse colgados na vexetación que hai xunto as fontes, existindo a crenza de que a medida que van apodrecendo, as enfermidades dos doentes van desaparecendo. “No S. Pedro Fiz hai unha fonte donde a xente molla un pañuelo y se lava con él. Después o deja nas ramas dos árboles que hai alí” (23). “Hai unha fonte o lado da iglesia donde moitos romeiros se lavan as heridas e aquellas partes do corpo doentes e despox deixa os pañuelos nun rosal solvestre que se encuentra allí” (24). “Muy cerca de la ermita, bajando la pendiente, está la famosa fuente de las verrugas, con el espectáculo permanente de ropas y prendas de vestir —pañuelos, camisetas...— colgadas de la vegetación que rodea el manantial” (25).

Esta segunda fase do ritual simboliza a expulsión do estado de enfermidade e polo tato a paulatina recuperación do estado de saúde. Por outra banda o que se está levando a cabo con este ritual é imitar dunha maneira deliberada aquello que se

(1) FIDALGO SANTAMARIÑA, J. A. “Antropología de una parroquia rural”. Cuadernos do Laboratorio Ourenseño de Antropoloxía Social. Serie Galicia Campesina. 1. Orense, 1988. Pág. 202.

(22) ELIADE. MIRCEA. “Tratado de historia de las religiones”. Instituto de Estudios Políticos. Madrid. 1954. Pág. 185.

(23) Informante de S. Jorge (Ribera de Piquín).

(24) Informante de Conforto.

(25) ONEGA LÓPEZ, José Ramón. Ob. Cit. Pág. 28.

pretende acadar. Es frecuente que los ritos consistan en una imitación de los efectos que la gente desea producir” (26).

Finalmente hai devotos que beben a auga destas fontes, e lévana tamén para ás súas casas utilizándoa coma medio preventivo ante calquera circunstancia adversa. “Hai xente que leva a auga pra casa e bélenna tamén” (27). A auga ó estar sacralizada posibilita resultados positivos na curación e prevención de enfermedades. “El agua fluye, está viva...; el agua inspira, cura, profetiza. En sí mismos, la fuente o el río son una manifestación del poder, de la vida, de la perennidad... La fuente o el río revelan incesantemente su peculiar fuerza sagrada” (28).

### **3.4.—RITUAL DE COLLER “RAMOS DE TEIXO”**

No santuario de Conforto moitos devotos levan un ramo de algúns dos teixos, que se encontran no adro da igrexa, para as súas casas e consérvanlo ata que se desfai. “Tamén é moi tradicional que os romeiros leven unha rama do teixo que hai no atrio da iglesia; esta tradición é de moi antiguo e non se sabe de que procede” (29).

“Conservamo o ramo de teixo hasta que se destruye, e unha costume de antiguo” (30). Este ramo de teixo ó estar sacralizado, xa que se atopa nun espacio sagrado, emprégase como símbolo protector da facenda familiar ante todo aquelo que poida representar un perigo para a casa. “La fecundidad... la suerte, la salud están concentradas en las hierbas o en los árboles” (31).

Por outra banda os rituais descritos para o Santuario de Conforto non só se levan a cabo o día 8 de setembro, senón que en calquera domingo do ano veñen devotos doutras comunidades para suplicar á Virxe todo tipo de favores. “Y en todos los labios de los fieles romeros, que suplican a la Virgen todos los favores, está la vieja canción:

“Miña Virxen de Conforto  
está sentada na porta  
mirando pros seus romeiros  
como baixan po-la costa” (32).

### **6.—OFRENDRAS QUE SE LEVAN A CABO NOS SANTUARIOS**

Os devotos realizan unha serie de ofrendas as imaxes dos Santuarios, coas que se fai ou fixo unha promesa. “En la percepción común son las imágenes las que

(26) FRAZER, J. G. “La rama dorada”. Ed. F. C. E. Méxicó, 1969. Pág. 41.

(27) Informante de Conforto.

(28) ELIADE, Mircea. Ob. Cit. Pág. 195.

(29) Informante de Conforto.

(30) Informante de Pastoriza.

(31) ELIADE, Mircea. Ob. Cit. Pág. 293.

(32) ONEGA RIELO, José Ramón. Ob. Cit. Pág. 25.

gozan de gracia, virtud y favor” (33). “El intercambio de dones entre una persona y un ser sagrado es —según expresa Mariño Ferro— algo universal y fuertemente vinculante” (34). De aí que os devotos seguindo un sistema de prestacións recíproco, acepten a axuda do Santo ou da Virxe a cambio dunha proba de agradecemento. Entre as ofrendas más específicas distingo as seguintes:

6.1.—Calquera dos rituais descritos.

6.2.—MISAS.—A misa é unha das ofrendas básicas para os devotos, que os cregos dos santuarios celebran no transcurso do ano.

6.3.—OFRENDA EN METÁLICO.—Esta ofrenda lévase a cabo da seguinte maneira:

1.<sup>º</sup> O Poñer o Santo, xa que os devotos despois de poñelo deixan unha esmola ó poñente.

2.<sup>º</sup> Ofrenda que recolle un feligrés no transcurso das misas que se celebran nos santuarios.

3.<sup>º</sup> Nas “boetas” que hai nos santuarios.

6.4.—Algúns ramos de flores.

6.5.—VELAS.—Algúns devotos levan cirios ou velas que poñen preto das imaxes de devoción.

6.6.—EXVOTOS DE CERA.—No Santuario de S. Pedro Fiz moitos devotos levan figuras de cera que simbolizan a animais, como vacas e cochos, así como o corpo humano, total ou parcialmente, polas cos devotos se ofrecen.

Na bóveda do Santuario de Conforto hai un barco colgado dunha lámpada, que —segundo a tradición— foi unha ofrenda dun emigrante que se salvou de morrer nun naufraxio.

“As ofrendas que levan os romeiros son diñeiro, flores, e velas especialmente” (35). “Os romeiros levan exvotos de cera representando a animais e figuras humanas. Tamén dan misas e limosnas en metálico” (36).

Algúns devotos levan a cabo estas ofrendas despois de que o Santo ou a Virxe lles concedeu a petición; outros no momento de solicitala; e finalmente hainos que acuden tódolos anos por devoción ou por “acción de gracias” a algunha petición concedida polo santo ou Virxe con anterioridade. “Veño por unha oferta que fixo miña nai cando sendo pequeno corteime” (37).

Por outra banda no municipio da Pontenova aparte das “fontes santas” de Conforto e de S. Pedro Fiz, hai outras. Así na parroquia de Bogo, temos unha serie de capelas que teñen unha fonte santa: A capela de Barreiras; a capela de Teixedais; en Vilarxubín houbo outra capela antiga que estivo no campo dos Remedios. Na

(33) PRAT I CAROS, Joan. Ob. Cit. Pág. 242.

(34) MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. Ob. Cit. Pág. 272.

(35) Informante de Vilaouruz.

(36) Informante de Ferreira Ravella (Riotorto).

(37) Informante de Pastoriza.

parroquia de S. Estebo, había a capela de S. Esteban, hoxe desfeita. Hai uns anos tapiouse na parroquia de Rececende a Cova das Augas Santas, onde levaban ós nenos doentes para sanar e onde estivo situada a igrexa primitiva (38). Todos estos datos son bo reflexo de que neste municipio existiu desde a época antiga un importante culto ás augas. O culto primitivo ás augas foi incorporado ó credo cristián no momento da entrada do cristianismo en Galicia. Isto foi posible construíndo capelas e ermidas no seu entorno, ou ben incorporando imaxes sagradas ás fontes e cursos de auga. Desta maneira tentabase borrar da memoria dos seus habitantes calquera pervivencia pagá. Sen embargo —segundo manifiesta Pedro de Frutos— “ciertos rituales llevados a cabo en torno a una serie de piedras, fuentes, bosques etc., fueron aprovechados por el cristianismo siempre que posibles rendimientos los justificasen. Así, tenemos que siempre que una gran mayoría tuviera arraigada tal costumbre, los sacerdotes modificaban aquella para adaptarla a su religión. De esta forma, se aseguraban la permanencia del culto y la no desviación en masa” (39). Polo tanto a nova relixión adaptouse na medida do posible ós cultos ancestrais co propósito de gañar adeptos para a súa causa, polo cal cristianizou tódalas pedras, fontes... etc.

---

(38) ONEGA RIELO, José Ramón, Ob. Cit. Págs. 24-25.

(39) DE FRUTOS GARCÍA, Pedro. “Leyendas Gallegas” (III). El Caldero de Lug. Ed. Tres-Catorce-Diecisiete. Madrid. 1981. Pág. 23.